

## Medallas para Avanteselecta en el Mundus Vini

**VINO** Los vinos de Avanteselecta han recibido un nuevo reconocimiento en el Concurso Internacional Mundus Vini celebrado en la localidad alemana de Neustadt. Torre de Golbán 2012, un crianza que refleja la esencia de Ribera del Duero y Obalo Crianza 2011, que parte de la tradición de Rioja, han obtenido la medalla de oro. Mano a Mano 2013 ha merecido la medalla de plata. **REDACCIÓN**

## Terras Gauda impulsa 'Foodie', nuevo proyecto de I+D+i europeo

**INNOVACIÓN** Terras Gauda impulsa en España el proyecto europeo de I+D+i Foodie sobre viticultura de precisión que sitúa a la bodega a la vanguardia en el empleo de la tecnología más avanzada para analizar detalladamente el viñedo. La bodega es la única en España que va a disponer de esta información tan precisa y detallada. **REDACCIÓN**



Representantes de Terras Gauda, ayer, en la presentación del proyecto. Foto: Gallego

## Altos de Torona lanza al mercado un nuevo godello

**CATA** Altos de Torona acaba de sacar al mercado un monovarietal, Godello Altos de Torona. Desde su viñedo propio los enólogos de Altos de Torona han decidido elaborar 7.000 botellas de un vino que completa la gama de caldos de esta casa. Será la primera bodega de la D.O. Rías Baixas en elaborar un godello 100 % elaborado con uvas exclusivamente de su viñedo. **REDACCIÓN**

# Vicky Peña: "Nesta obra os actores estamos a soas co texto e co público"

A actriz representa mañá en Santiago 'El largo viaje del día hacia la noche', o descarnado drama familiar de Eugene O'Neill

FRAN P. LORENZO  
Santiago

Por parafresar a Tolstoi nas primeiras liñas da súa *Ana Karenina*, todas e todos vivimos dramas familiares pero non sempre é Eugene O'Neill quen sen encarga de escribilos. *El largo viaje del día hacia la noche* é, precisamente, a transposición no escenario das cuitas domésticas, dos infortunios e da devastación íntima do dramaturgo norteamericano, premio Nobel de Literatura. Ese texto, que xa fora representado en 2014 polo Centro Dramático Galego, con dirección de Manuel Guede, regresa agora aos escenarios composteláns, este sábado no Auditorio de Galicia, da man de Juan José Alfonso. Á fronte do re-

parto Mario Gas e Vicky Peña, unha das actrices máis solventes e galardoadas da escena española.

"O'Neill -asegura a actriz- inaugurou unha tradición da dramaturxia norteamericana que escolle a familia como mostrario dun universo de emocións. O'Neill ispe-se moito nesta obra, fala dunha realidade moi crúa e destripa todo o que hai de terribel e doloroso no cotián". Peña interpreta a Mary Cavan Tyrone, a nai dunha familia que batalla conxuntamente por entre os seus afectos e as súas adicións ao alcol, á morfina e a outras substancias máis complexas como o cariño paterno-filial, a autocomplacencia ou a descendencia. E faíno, di a



Mario Gas e Vicky Peña protagonizan a montaxe. Foto: Gallego

actriz, "con naturalidade e delicadeza" para describir "relacións que son coma unha terribel tea de araña".

A verdade biográfica que habita no personaxe de Mary Tyrone non supuxo

un reto especial para Vicky Peña, que xa interpretou sobre as táboas outros personaxes reais como María Moliner. "Traballei emocións e sentimentos que todos temos nas nosas contornas familiares, cousas

que non se din, ou que se din a medias".

O texto, lembra a intérprete, foi *peiteado* na súa duración orixinal para unha versión especialmente depurada, de Borja Ortiz de Gondra, que respecta a evolución dos personaxes. "É unha proposta moi sobria e moitas da descrições prolixas que O'Neill fai para a posta en escena aquí foron eliminadas, esta montaxe é moito máis esencial aínda, os actores estamos a soas co texto e co público", di.

*El largo viaje del día hacia la noche* é ademais un *tour de force*, no que Vicky Peña ten, de fronte, ao director teatral e actor Mario Gas (James Tyrone) e no que comparte as táboas con Juan Diaz (o fillo menor, Edmund Tyrone), María Miguel (Cathleen, a criada) e Alberto Iglesias (Jamie Tyrone, o fillo maior). Como sae unha actriz desa sobredose de verdade descarnada, pura esencia do teatro? Como se sente tras abandonar ese vestido? "Con esgotamento e satisfacción, por lle dar vida a un texto tan cheo de verdade e de realidade", asegura Vicky Peña, que di "non levar os personaxes para casa. Mary é moi sensíbel, como unha corda de violín á que calquera pulsión fai vibrar". Hai nela ecos doutro personaxe que Vicky



Vicky Peña

ACTRIZ

"O'Neill inaugurou unha tradición da dramaturxia norteamericana arredor da familia e das súas emocións"

"Mary Tyrone é un personaxe moi sensíbel, unha corda de violín á que calquera pulsión fai vibrar"

Peña -Premio Nacional de Teatro e catro veces premio Max de Teatro- xa representou nos escenarios, a Blanche Dubois de *Un tranvía chamado desexo*, de Tennessee Williams, autor que coma Arthur Miller ou David Mamet bebe das fontes de O'Neill. "Si advertín nelas puntos de conexión, ambas foxen da dor a través de vías de escape que lles permiten sobrevivir pero que as alonxan dos seus seres queridos", confesa.

fperez@elcorreogallego.es

## ESTAMOS CONTIGO

DE 12.00 DA NOITE A 6.00 H.  
DA MADRUGADA DE LUNS A VENRES



UN PRESENTADOR DE LUXO  
(Luis Rial)

- ▶ Un programa que se ocupará da **crise económica** que atravesamos no noso país nunha franxa coma a da madrugada, na que hai un silencio absoluto sobre estes temas.
- ▶ Un programa eminentemente solidario, no que o primeiro que faremos é **saber escoitar**.
- ▶ Un programa de **auténticos valentes** que se atreven a consultar problemas que ninguén afronta.
- ▶ Un **programa solidario** que mobilizará a toda a súa rede de oíntes para solventar os problemas máis graves que viven hoxe moitos galegos.

Un programa patrocinado por:



Chámanos e participa

Teléfono de directo:  
981 543 766  
981 543 764

Contestador automático:  
981 543 875



Radio Obradoiro

FM: 102.1 Santiago  
100.7 Coruña-Ferrol  
107.5 Santa Comba  
R Cable: Dial 310